

Le o texto desta canción “Terra”:

TERRA Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah Esta noite hai foliada, esta noite hai serán Agárdoche no terreiro, compañeiriña leal Compañeiriña leal, compañeiriña leal Esta noite hai foliada Para cantar veño eu coa pandeireta na man Aturuxa canda mín, que nos escoiten berrar Que nos escoiten berrar, que nos escoiten berrar (Coa pandeireta na man) Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah Non hai fronteiras	Canta ti, cantarei eu, co xeito das nosas nais Festexaremos a vida da xente que está a bailar Da xente que está a bailar, da xente que está a bailar (Co xeito das nosas mans) Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah Ez dago mugarik Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah Nu ha fronteras	Aí veñen, aí veñen, veñen pra quedar Esas bravas gorxas de fondo cantar De fondo cantar, de fondo cantar Aí veñen, aí veñen, veñen pra quedar Veñen pra quedar, veñen pra quedar, veñen pra quedar Veñen pra quedar, veñen pra quedar Veñen pra quedar, pra quedar, pra quedar, pra quedar Veñen pra quedar, veñen pra quedar Veñen pra quedar Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah Nun hai fronteras Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah No hay fronteras Tanxugueiras
--	--	--

Cantas linguas distintas aprecias na canción?

Saberías dicir cales son?

.....

Cal é a lingua dominante (a que máis se fala nela)

Cal cres que é a mensaxe que transmite?

.....

Rodea as palabras que mellor reflicten o tema da canción:

TRISTEZA ALEGRÍA ESCURIDADE FELICIDADE AMIZADE UNIÓN
 DOR PENA DIVERSIDADE MÚSICA FESTA RACISMO BAILE

Indica o que significan estas frases (consulta o dicionario se o necesitas)

Esta noite hai foliada :

Esta noite hai serán:

Agárdoche no terreiro:

Aturuxa canda mín:

Estas bravas gorxas:

De fondo cantar:

Que pensas que queren dicir coa frase que repiten: NON HAI FRONTEIRAS?

.....

Lembras o LEIXAPRÉN? (comezar unha estrofa co verso que remata a anterior) Anota os versos que o fan:

.....

.....

.....

.....

Mide estas tres estrofas indicando o número de sílabas a carón dos versos e a letra correspondente á rima:

Esta noite hai foliada,
 esta noite hai serán
 Agárdoche no terreiro,
 compañeiriña leal

Compañeiriña leal,
 compañeiriña leal
 Esta noite hai foliada

Para cantar veño eu
 coa pandeireta na man
 Aturuxa canda min,
 que nos escoiten berrar

Que número de sílabas abonda? e
 Cal é a secuencia das letras da rima?
 É rima asonante ou consonante?

Busca outras palabras para rematar, rimando, a primeira estrofa: (fai unha rima ABBA ou ABAB)

ESTA NOITE HAI
 ESTA NOITE HAI
 AGÁRDOCHE NO
 COMPAÑEIRIÑA

Busca o significado de TANXUGUEIRAS e subliña as frases relacionadas:

LUGARES ONDE ABONDAN OS TEIXOS

BURACOS FEITO POR TEIXUGOS PARA CRIAR

TOBOS DOS PORCOS TEIXOS.

TOPÓNIMO EN FUMACES, NO CONCELLO DE RIOS.

GRUPO MUSICAL GALEGO

TERRAS DE TEIXUGOS E ANIMAIS SIMILARES.

Cantas houbo que subliñar? Tiñas escoitado esta palabra antes? onde?

Busca sinónimos das seguintes palabras e inclúeas nunha frase:

COMPAÑEIRA:

AGÁRDOCHE:

ATURUXA:

FOLIADA:

GORXAS:

Apunta os verbos da canción organizándoos segundo a conjugación á que pertencen:

1º conjugación	2º conjugación	3º conjugación
Agardar		

De que conjugación abondan máis verbos? Subliña: 1º conjugación 2º conjugación 3º conjugación

Completa, no cadro, o resto das liñas baleiras con verbos desas conjugacións.

Atopa dez palabras da canción nesta sopa:

Fai o encrucillado:

W	I	T	G	B	R	A	V	A	S	U	V	D	J	B
Q	X	Q	T	R	Ñ	I	A	A	S	K	J	W	Ñ	S
U	N	H	H	O	E	I	D	E	L	L	Y	T	A	Y
Y	X	G	T	A	A	F	A	D	C	L	Ñ	V	A	Y
W	P	O	Q	H	P	R	V	W	V	Q	J	W	Q	Ñ
S	S	R	M	L	R	B	E	R	R	A	R	B	B	F
P	O	X	D	E	H	P	Q	U	Ñ	G	E	K	A	K
Q	Ñ	A	T	B	M	O	R	I	E	R	R	E	T	O
Ñ	A	S	E	R	A	N	K	A	O	Y	W	S	X	Z
G	L	D	Y	A	T	E	R	I	E	D	N	A	P	B
Ñ	I	M	Z	Y	A	A	D	A	I	L	O	F	Z	H
I	G	D	O	Ñ	C	A	T	U	R	U	X	O	Q	L
X	G	C	T	Q	B	L	L	Q	V	M	Y	A	U	T
M	H	S	A	R	I	E	U	G	U	X	N	A	T	W
M	V	W	F	H	L	H	L	V	G	W	J	V	P	H

Vertical

- Un dos idiomas cooficiais de España.
- Festival europeo da canción.
- Vive nas tanxugueiras.
- Fálase tamén en Andorra e nalgúns sitios da Sardeña.
- Canción que se repite moito por alá.

Horizontal

- Bailárase moito no muíño.
- Noso idioma.
- É o pai da pandeireta.
- Haina galega, asturiana, escocesa, etc
- Despois de comelas fan chascarraschás.

